

## Bandas de música populares en Galicia. Resumo da tese doutoral sobre o caso da Comarca do Deza (Pontevedra)

Cristina Vázquez Gómez

Institución: Universidad de Vigo

Directores: Luis Costa Vázquez

Fecha defensa: 20 julio 2017

### Presentación e estado da cuestión

Este artigo sobre bandas de música en Galicia parte dunha tese defendida o 25 de setembro de 2015 na Universidade de Vigo e dirixida polo profesor Luís Costa Vázquez<sup>1</sup>. Nela foron tomadas como mostra agrupa-

cións populares dun marco xeográfico concreto; así, realizouse unha análise nas tres vertentes pretendidas, tal e como se indica de modo expreso no propio título da tese: *As bandas de música da comarca do Deza. Dimensións artísticas, sociais e pedagóxicas*.

---

<sup>1</sup> COSTA VÁZQUEZ, LUÍS: «As bandas de música galegas: unha realidade inédita». *Os soños da memoria. Documentación musical en Galicia: Metodoloxías para o estudio* [Actas do seminario celebrado en Pontevedra, 11-15 de decembro de 2011]. Deputación de Pontevedra, Grupo de Investigación interuniversitario Fondos Documentales de música en los archivos civiles de Galicia (1875-1936), 2012, pp. 341-362; *Augusto Bécena y Saracho, compositor musical 1883-1996*. Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 2010; *La formación del pensamiento musical nacionalista en Galicia hasta 1936*. Tese doutoral, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1999; «La música popular». *Enciclopedia de Galicia: Antropología*. A Coruña, Hércules de Ediciones S.L., 1997, t. 25, cap. 8. pp. 403-431.

A zona á cal pertencen as bandas seleccionadas correspóndese cunha comarca do nordeste pontevedrés, o Deza, que conta cun total de nove núcleos de poboación con banda de música propia. Estas bandas son o resultado actual dun movemento no que se embarcaron un elevado número de agrupacións de carácter local que foron xurdindo dende o século XIX.

Dentro do primeiro capítulo da tese incluíuse un pormenorizado análise do estado da cuestión que mostra as liñas previas da investigación. En xeral, buscouse bibliografía en relación máis ou menos directa coas bandas de música, a zona xeográfica en cuestión e as correntes musicais que serven de contexto, tanto en Galicia como tamén en España e no estranxeiro. Así, encontramos información publicada en forma de artigos, biografías, libros turísticos, traballos de investigación, teses doutorais,

enciclopedias ou programas de actuacións<sup>2</sup>. Do mesmo xeito, tamén se analizou a bibliografía bandística que se xerou en España, Portugal e algunha referencia de fora da península Ibérica. Neste panorama si que destacan as teses doutorais ligadas, sobre todo, ao ámbito da Comunidade Valenciana e outros exemplos de Barcelona, Albacete ou o norte de Portugal<sup>3</sup>.

Cabe presentar, como obxectivo xeral do traballo, o intento de captar a realidade musical e social dos grupos bandísticos. Isto conseguiuase mediante a inclusión persoal dentro dos propios colectivos, tendo en conta tanto a súa bagaxe histórica como o correspondente contexto xeográfico. Con todo, defendeuse a tese argumentada calibrando en que medida e en que xeito as bandas dezás foron, e sobre todo son, un foco de musicalidade, aprendizaxe e conviven-

---

<sup>2</sup> ANDRADE MALDE, J. *La Banda Municipal de la Coruña y la vida musical de la Ciudad*. A Coruña: Concello de A Coruña, 1998. LÓPEZ COBAS, Lorena. «Las bandas de música en Galicia: Aproximación al caso de la ciudad de La Coruña en el siglo XIX». *Revista de musicología*, 31/1 (2008), pp. 79-123. GARCÍA DE PINTOS, Telmo. *Historia biográfica de las bandas de música, orfeones, corales y orquestas con sus directores*. Tui, s. e., 2010. Véxase na p. 69 o acontecido a 28 de abril de 190. NOCHE GARCÍA, Sergio. *La Banda de Música Municipal de Ourense en el período 1878-1955: Evolución histórica, contexto social y documentación musical*. Vigo, Tese doutoral, Universidade de Vigo, 2012. PAZ ANTÓN, Xosé Ramón. *Salceda en Festa - Historia das bandas de música de Salceda*. Salceda de Caselas, Asociación amigos e Amigas da Música de Salceda de Caselas, 2011. *Banda de música de Sober. Un século e medio de historia*. Paula Vázquez Verao (coord.). Sober, Asociación Cultural Banda de Música de Sober, 2011.

<sup>3</sup> ALCOVER ALCODORI, FRANCISCO. *Las bandas de música de la ciudad de Liria*. Tese doutoral. Valencia, Universitat de València, 2007. BRUFAL ARRÁEZ, J. David. *Estudio de la trayectoria en educación musical de los componentes de sociedades musicales de Alicante: Vega Baja, Medio y Alto Vinapó*. Tese doutoral. Alacante, Universidad de Alicante, 2009; GOMES, Agostinho: *O contributo das bandas filarmónicas para o desenvolvimento espessoal e comunitário. Um estudo efectuado no Alto Tâmega: sub-região do norte de Portugal*. Tese doutoral. Pontevedra, Universidade de Vigo, 2007. SANCHEZ HUEDO, Olga. *La Banda Municipal de Música de Albacete: desde sus orígenes hasta la primera década del siglo XX*. Tese doutoral. Salamanca, Universidad de Salamanca, 2008.

cia. Pretendeuse, pois, dar resposta a cuestións concretas. Por exemplo, ante un suxeito que empece a formarse musicalmente baixo a acollida dunha banda do Deza: en que tradición histórica entra a formar parte?, que posibilidades de camiño musical ten a seguir?, e de estilo de vida?, a que redes de aprendizaxe se someterá?, ou, en que facetas ou estilos musicais pode chegar a desenvolver as súa musicalidade?

Estas e outras respostas facilitaron o cumprimento dos obxectivos establecidos coas ferramentas metodolóxicas empregadas, diferentes en función das diversas partes da tese doutoral.

## O método

Ante todo, nunha primeira etapa do proxecto, foi importante bosquexar a posible documentación musical existente en torno ás bandas. Como tal, contempláronse, por un lado, os fondos físicos tanto en forma de documentos en papel como de bens mobles. Por outro lado, foron consideradas aquelas fontes por explotar que deron pé a constatar diversas cuestións e comportamentos individuais, xa que tanto a súa interacción como o seu conxunto representan a un colectivo específico e revelan unhas características zonais concretas. Para conseguir isto ábreanse certas vías de contacto que posibilitan a aproximación á realidade social que represen-

tan as bandas de música: entrevistas, enquisas, observacións directas... É importante recalcar que sempre se quixo ter en conta a compaxinación temporal diacrónica e actual.

Un primeiro paso foi buscar un contacto dentro de cada agrupación que servira de guía para as diferentes metas propostas; persoas todas elas con algunha función significativa dentro da banda: directivo, director, mestre da escola ou outros. Este foi o vínculo con cada unha das agrupación. A partir de aí estableceuse a posibilidade de falar con outros informantes, sexa o caso de antigos músicos ou outros.

Seguidamente, procedeuse á consulta e organización dos fondos atopados nos arquivos das agrupacións e noutro tipo de legados e fondos documentais, contando con material de distinta natureza: historial administrativo, repertorio musical, trofeos, vestiario, etc. Sobre todo para a terceira parte, ampliouse o traballo de campo co deseño e realización de entrevistas aos compoñentes actuais das agrupacións, así como de enquisas, empregando diferentes métodos de difusión (dixital ou persoal).

## As partes

Tras un capítulo introdutorio, a primeira parte acolle un único capítulo que atende ás xeneralidades necesarias para unha visión de conxunto da práctica bandística: orixe conceptual,

as bandas en Galicia e a contextualización da comarca. Partindo disto, estableceuse unha temporalización histórica para a rexión dezá ilustrada cuns mapas que acompañan a cada momento histórico e xustificadas por medio dunha gráfica de partida que mostra as altas e baixas das agrupacións dende os seus inicios ata o ano 2011. Estas etapas tiveron un tratamento historiográfico na segunda parte, onde se foi fiando a historia das bandas dezás partindo desta división e resaltando os aspectos máis sobresaíntes das fontes que se conservan: a primeira aparición dunha banda nun xornal, o primeiro concurso onde se participa, as gravacións pioneiras e demais testemuños.

Xa na terceira parte, o estudo centrouse nos músicos como os principais protagonistas das bandas. Mesturouse o traballo de campo (entrevistas e enquisas) coa parte máis documental, quedando distribuída en capítulos do seguinte xeito: segundo a dimensión artística –capítulos 7 e 8-, a visión pedagóxica –capítulo noveno- e, nun décimo capítulo, os aspectos máis estritamente sociais; producíndose sempre relacións constantes entre cada un dos puntos a tratar.

No caso do sétimo capítulo analizouse a materia prima principal e necesaria para que unha banda de música sexa considerada como tal: os músicos co seu director, un repertorio do que dispoñer e, finalmente, a sonoridade característica de cada banda,

tamén variable segundo o evento. No capítulo 7 aparecen mostras de gráficas e cadros, como o caso das idades dos músicos segundo o xénero que aquí se plasma. Como vemos, a cor identifica a densidade de homes ou mulleres segundo a idade que marca o eixe horizontal.

No capítulo oito comprobouse que a xestión musical resulta necesaria para unha mínima organización do que facer das bandas e, sobre todo, que esta xestión repercute nas súas actuacións. Para facer fronte aos diferentes eventos musicais precísase un repertorio concreto, unha administración económica funcional, diversos materiais físicos e unha axeitada divulgación que permita a identificación e contratación das bandas de música.

No noveno capítulo, dun xeito xeral, analizouse o percorrido formativo que un aprendiz dunha banda pode levar a cabo, dende a adquisición dunhas primeiras nocións, ata chegar incluso a dedicarse profesionalmente á disciplina musical dunha forma máis ou menos relacionada coa agrupación.

Por último, o décimo capítulo é o máis amplo e, na nosa opinión, o máis interesante xa que se trataron aspectos máis cualitativos e referentes directamente á práctica bandística, como é o caso das actuacións. As facetas musicais e correspondentes actitudes que poden chegar a adoitar os músicos relaciónanse de forma directa cos diferentes momentos e situacións das agrupacións e da súa vida

persoal. Un dos aspectos analizados foi a consideración de cada músico como membro activo, tal e como amosa a gráfica exemplificativa. Fronte a unha maioría de músicos conformes co papel artístico que desempeñan, existe tamén un alto porcentaxe, marcado en vermello, que prefere ter incluso menos responsabilidade.

Nas actuacións é cando os músicos se relacionan máis co entorno. Dependendo do tipo de actividade de cada banda (festas locais ou concertos), os músicos teñen que convivir dun xeito máis formal ou máis festivo. Un factor social determinante co que as bandas contan é o público, colectivo que se pode dividir en tres prototipos: de ocasión, interesado e obrigado. Ademais, o público presenta diversas funcións, xa que tanto pode acudir a un evento de forma desinteresada, ser o xurado dun concurso ou manifestarse nas redes sociais. Por iso, créanse unha serie de relacións entre as bandas e a sociedade que as rodea, así como entre as propias bandas do municipio.

## Conclusións

En primeiro lugar, estableceuse un punto de partida claro para focalizar o estudo bandístico: nove agrupacións que, aínda que próximas entre si, cada unha delas posúe o seu propio percorrido histórico e leva a cabo diferentes actividades en función dos seus obxectivos e posibilidades.

Sobre o estado da cuestión, é importante dicir que, se ben o estudo bandístico, sobre todo no ámbito galego, estaba limitado a traballos illados dalgunhas agrupacións, púxose en valor un conxunto de obras que constitúen unha bibliografía propia para o tratamento das bandas, así como tamén unha propia para a comarca do Deza. Isto é grazas a pezas de directores dezaos ou que deixaron pegada profesional na zona.

Ó longo da segunda parte fóronse xustificando as datas a ter en conta na formación e transformación das agrupacións da bisbarra, elemento que deu como resultado tres períodos principais e outras divisións secundarias; partes que, polo demais, poderíanse extrapolar ó panorama bandístico galego ou español.

Xa especificamente en relación ó tratado na terceira parte, considerouse necesario precisar os elementos e factores que toman parte no funcionamento dunha banda de música. Neste senso, queremos destacar as características dos propios integrantes, que derivan nun repertorio concreto e nunha musicalidade específica e, á súa vez, son froito dunha labor administrativa e pedagóxica ben definida.

O ámbito social foi a parcela máis enriquecedora do estudo, xa que se abordaron os rangos persoais dos músicos, ou seus roles, as relacións entre individuos e a importancia do público. Así, corrobórase que as condicións para pertencer e permanecer

nunha banda dependen de aspectos persoais, familiares e sociais dos propios músicos. Por exemplo, o caso de que un neno cambie as amizades do colexio polas da banda, ou o caso da maternidade como feito crucial para condicionar a práctica bandística das mulleres.

A grandes rangos, a investigación levada a cabo deixou entrever diferentes tipos de banda de música segundo a súa tradición, número de integrantes, esixencias musicais e actuacións. Ante isto, os puntos fortes ou fracos que as bandas consideran son relativos e dependen de cada unha delas. Deste xeito, mentres nunha agrupación se lle da importancia a buscar medios para acadar unha distinción nun certame, noutra valórase máis a convivencia durante unha actuación nun pobo, xa

sexa grande ou pequeno, e cun repertorio máis popular.

Os aspectos menos valorados correspóndense coa insuficiencia de axuda externa ás bandas, a desgana no traballo, ou a rivalidade entre compositores, factores que non axudan a crear un ambiente bandístico idóneo. Pola contra, o compañeirismo, a organización de novas actividades, a asistencia ós ensaios e sobre todo o relacionado coas escolas de música, son os factores máis destacados. Isto último é realmente a parte máis importante do fenómeno bandístico, xa que achega a música académica ós máis cativos, dándolles unha oportunidade de medrar artística e persoalmente; e asegura, á súa vez, o porvir destas agrupacións en moitas comarcas galegas.

## Contenido

### CAP 1. INTRODUCCIÓN

1. Xustificación da investigación
2. Obxectivos e estruturación xeral
3. Metodoloxía e fontes de consulta
4. Estado da cuestión

## PARTE I

### CAP. 2. PRESENTACIÓN TEMÁTICA: BANDAS DE MUSICA E COMARCA.

## PARTE II

CAP. 3. ETAPA PRIMEIRA. INICIO E MOVEMENTO BANDISTICO ATA 1943.

CAP. 4. ETAPA SEGUNDA. AS BANDAS ENTRE 1943 E 1982.

CAP. 5. ETAPA TERCEIRA. A REAFIRMACION CARA HOXE.

## PARTE III

CAP. 6. O TRABALLO DE CAMPO: METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN

CAP. 7. FACTORES SONOROS

Recursos humanos

Repertorio: a práctica actual

A interpretación

CAP. 8. A XESTIÓN MUSICAL

O arquivo musical

O sistema administrativo

Divulgación e insignias

CAP. 9. ASPECTOS PEDAGOXICOS

Educación musical formal non regrada, regrada e non formal

CAP. 10. A PRAXE SOCIAL

Rangos persoais dos musicos

As actuacións

A comunicación coa sociedade